4	B4.4	B4.2.1	CAA/C SIEE	Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.									
4	B4.4	B4.2.2	CAA/C SIEE	Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición seleccionadas									
1	Páx. 2												
					T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.
					C.L.	P.V.	TIC	CAA	EOE	CA	EC	CMCCT	
	B1.3	B1.2.2	CSC	Colabora nas actividades grupais, respectando as		X						X	

				achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.								
	B1.5	B1.2.3	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	X						X	
	B1.1.2	B1.4.3	CSIEE	Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable							X	
	B1.1	B1.1.1	CSC/C MCCT	Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados				X				X
	B1.1	B1.1.2	CSC	Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual				X				
1	B3.9	B3.2.2	CAA	Alcanza niveis de condición física	X		X	X				X
2	B1.2	B1.1.3	CSC	Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades				X				
2	B3.1	B3.1.1	CMCCT	Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.				X				X
2	B4.1	B4.1.1	CAA/C SIEE	Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e normas establecidas	X			X				





		1.2.2		actividades grupais, respetando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	0%	%						
	B1.5	B1.2.3	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, com independencia do nivel de destreza.	50,00%	5,00%					X	
5	B1.1	B1.4.2	CSIEE	Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno	60,00%	10,00%		X			X	
6	B3.5	B3.1.6	CSC/C MCCT	Identifica as características que deben ter as actividades para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	50,00%	10,00%					X	
6	B1.4	B1.1.2	CSC	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	50,00%	10,00%					X	
7	B1.10	B1.4.1	CSC/C SIEE	Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	40,00%	10,00%					X	
7	B3.10	B3.2.3	CAA/C SIEE	Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	40,00%	10,00%						
7	B2.2	B2.1.2	CCEC	Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.								
7	B2.1	B2.1.1	CCEC	Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e	35,00%	10,00%	X				X	

				intensidade.								
	8	B1.1 3	B1.5. 2.	CD/CC L	Expón e defende traballos elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos	35,0 0%						
	8	B1.9 .	B4.1. 3	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.							
	8	B4.2 .	B4.1. 2	CAA/C SIEE	Autoavalia a súa execución com respecto ao modelo técnico formulado.	40,0 0%	10,00 %					
	8	B 4.2.	B4.1. 3.	CAA/C SIEE	Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos.	40,0 0%	5,00 %					
	8	B4.2 .	B4.1. 4	CAA/C SIEE	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación.	40,0 0%	5,00 %					
	9	B3.1 1	B4.2. 2	CAA	Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida							
	9	B3.2 .	B3.1. 2.	CMCCT	Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde	40,0 0%	10,00 %					
2ª		Páx. 2										
						T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.
						C.L.	P.V.	TIC	CAA	BOE	CA	EC
		B1.3 .	B1.2. 2	CSC	Colabora nas actividades grupais,		X				X	

				respetando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.								
	B1.5	B1.2.3	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	X						X	
5	B1.11	B1.4.2	CSIEE	Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno							X	X
6	B3.5	B3.1.6	CSIEE	Identifica as características que deben ter as actividades para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.			X					X
6	B1.4	B1.1.2	CSC/C MCCT	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	X		X					
7	B1.10	B1.4.1	CSC/C SIEE	Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	X		X	X				X
7	B3.10	B3.2.3	CAA/C SIEE	Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.				X				
7	B2.2	B2.1.2	CCEC	Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.				X				X
7	B2.1	B2.1.1	CCEC	Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e itensidade	X			X				

	8	B1.1 3	B1.5. 2	CD/CC L	Expón e defende traballos elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos	X				X				
	8	B1.9	B4.1. 3	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	X				X			X	
	8	B4.2	B4.1. 2	CAA/C SIEE	Autoavalia a súa execución com respecto ao modelo técnico formulado.					X				
	8	B4.2	B4.1. 3	CAA/C SIEE	Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos.					X				
	8	B4.2	B4.1. 4	CAA/C SIEE	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexigencia e superación.	X	X			X				
	9	B3.1 1.	B4.2. 2	CAA	Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida					X			X	
	9	B3.2	B3.1. 2.	CMCCT	Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde					X				X

### **Tercera Avaliación**

A v a l i a c i o n						Inst.	Inst.	Inst.	Inst.	Inst.	Inst.
--	--	--	--	--	--	-------	-------	-------	-------	-------	-------

3ª	Temática	Identificación contenidos	Identificación estándares	Competencias claves	Estándares aprendizaxe	Grado mínimo conc.	Peso cualificac.	Prob. Esc.	Prob. oral	Trab. Indiv.	Trab. grup	Planill. observación	Rúb
		B1.3	B1.2.2	CSC	Colabora nas actividades grupais, respetando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	50,00%	15,00%					X	
		B1.5	B1.2.3	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, com independencia do nivel de destreza.	50,00%	5,00%					X	
13		B3.8	B3.2.1	CAA	Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	35,00%	15,00%			X		X	
13		B3.4	B3.1.3	CMCCT	Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.	35,00%	10,00%					X	
14		B3.6	B3.1.5	CMCCT	Aplica de forma autónoma procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	50,00%	40,00%					X	
14		B3.7	B3.1.1	CMCCT	Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	40,00%	5,00%					X	
15		B1.14	B1.5.1	CD/CC L	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de	40,00%	5,00%			X			

					procura, análise e selección de información salientable.								
16	B3.1.2.	B3.2.2.	CAA	Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.									
16	B1.8.	B1.3.1	CSC	Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas.	35,00%								
17	B1.6	B1.3.2	CSC	Respeita o contorno e valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	35,00%								
17	B1.7.	B1.3.3.	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.									
17	B4.3.	B4.1.2	CAA/C SIEE	Autoavalia a súa execución com respecto ao modelo técnico formulado.	40,00%	5%, 00%							
18	B2.3	B2.1.3	CCEC	Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	35,00%								
3ª	Páx. 2												
						T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.	T.T.
						C.L.	P.V.	TIC	CAA	EOE	CA	EC	CMCCT
	B1.3.	B1.2.2	CSC	Colabora nas actividades grupais, respetando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.		X						X	

	B1.5	B1.2.3	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	X						X	
13	B3.8	B3.2.1	CAA	Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.							X	X
13	B3.4	B3.1.3	CMCCT	Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.				X				X
14	B3.6	B3.1.5	CMCCT	Aplica de forma autónoma procedementos para autoavaliar os factores da condición física.		X		X				
14	B3.7	B3.1.1	CMCCT	Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	X		X	X				X
15	B1.14	B1.5.1	CD/CC L	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.				X				
16	B3.12	B3.2.2	CAA	Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.				X				X
16	B1.8	B1.3.1	CSC	Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas.	X			X				
1	B1.6	B1.3.	CSC	Respecta o	X			X				



7		2		contorno e valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.								
17	B1.7	B1.3.3	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	X			X				X
17	B4.3	B4.1.2	CAA/C SIEE	Autoavalia a súa execución com respecto ao modelo técnico formulado.				X				
18	B2.3	B2.1.3	CCEC	Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.				X				

## 5.CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os reflectidos nas táboas

## 6.MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Os reflectidos nas táboas

## 7.METODOLOXÍA

### METODOLOXÍA ESPECÍFICA DA ÁREA

Tratarase de que a metodoloxía sexa o máis parecida posible aos principios de reforma que se marcan para esta área, respondendo a:

- Flexibilidade: Propondo actividades que permitan axustarse ós obxectivos e nivel inicial do grupo.
- Activa: Para que o alumno sexa o protagonista da súa propia acción, que desenrole as súas propias aprendizaxes, dotando ás mesmas da significación que considere mais apropiada, baixo a supervisión e guía do profesor.
- Participativa: Favorecendo o traballo en equipo, fomentando o compañeirismo e a cooperación.

- Inductiva: Intentando favorecer a autoaprendizaxe, de forma que sexa capaz de resolver problemas motrices, organizar o seu propio traballo e, contrastar e comprobar a súa melloría.
- Lúdica: Facendo que o alumno se divirta, presentando as propostas progresivamente, na medida do posible como formas xogadas.
- Creativa: Procurando en certos momentos das propostas estimular a creatividade do alumnado.

### **a) Agrupamentos**

Incluimos tamén aquí as decisións relativas aos espazos, tempos, recursos e agrupamentos de alumnos: dividiremos aos alumnos dependendo tanto da tarefa a realizar dentro do aula, como do tipo de sesión que se realice dentro da unidade didáctica: traballo individualizado, por parellas, en pequeno (xa co número reducido de alumnos por clase impiden o traballo en gran grupo).

### **b) Métodos ou Estilos de Enseñanza**

Para a E.F. utilizaremos todos os estilos de ensino atendendo ao termo da barreira cognitiva, e seguindo a Delgado Noguera,: dende Estilos tradicionais, que son aqueles nos que o profesor toma todas as decisións e o alumno/a ten que atender, obedecer e responder (por exemplo "Mando directo", "Asignación de tarefas", "Ensinio recíproco" ou "Grupos reducidos") ata estilos que atravesan a barreira cognitiva, que son os que forzan ó alumnado a descubrir por sí mesmo que comportamento motor é o adecuado para o problema que se lle expón (por exemplo, "Descubrimento guiado" ou "Resolución de problemas").

### **c) Feedback: información e comunicación**

O profesor, dacordo coa estruturación didáctica dos contidos e a selección da información segundo esa estrutura e características e nivel do alumnado, elaborará a información a transmitir ó alumnado. Esta información terá as seguintes características:

- Ten que ser obxectiva, é dicir, verdadeira e carente de erros, de tipo descritivo ou conceptual.
- A cantidade de información ten que ser suficiente. Tan contraproducente pode resultar unha sobredose de información, coma unha insuficiencia de datos.

- A información debe estar organizada, é dicir, estruturada de tal xeito que os aspectos mais importantes sexan expresados de forma preeminente.
- O xeito de expresión ou linguaxe que utilizemos para da-la información ten que adecuarse ao nivel de comprensión do tipo de alumnado.
- As canles de comunicación para transmitir esta información son a canle visual (demostración, axuda visual), a canle auditiva (descrición, explicación) e a canle kinestésica ou táctil (axudas manuais).

O momento de dala información é o momento no que imos dar o coñecemento da execución e os resultados; ten unha grande importancia na aprendizaxe, xa que influirá en factores como a atención, a retención e o propio control do movemento. Podemos diferenciar os seguintes tipos: Concurrente (ó mesmo tempo que executa a tarefa motriz), Terminal (xusto ó finalizar a tarefa motriz) e Retardado (actúa sobre a memoria a longo prazo).

## **MATERIAIS CURRICULARES**

Dado o carácter eminentemente práctico da asignatura de Educación Física, consideramos que a maior parte dos novos coñecementos deben ser adquiridos grazas á propia experiencia motriz. Sen embargo, en ocasións apoiaremos a nosa actividade docente con información procedente de:

- .Xornais e revistas
- .Fotocopias e apuntes do profesor.
- .Traballos e exercicios prácticos
- . Utilizaremos e-dixgal.

## **OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

Empregaremos unha gran cantidade de material do que dispón o Departamento e que compartimos co profesor que imparte en Primaria, así como outro que poida aportar o alumnado ou que adquira o Departamento co orzamento anual.

A maioría é material convencional de Educación Física:

- °Balóns de diferentes deportes
- °Cordas
- °Colchonetas
- °Útiles de atletismo (valas, testemuñas)
- °Bancos

- °Elementos para sinalar como conos ou cintas
  - °Raquetas e móbiles
  - °Compases de orientación
- Pero empregaremos tamén:
- °Ordenador e aparato de música e CDs
  - °Material non convencional: diábolos, indiakas...
  - °Material reciclado (rolos papel, periódicos, botellas suavizante...)
  - °E calquera que poida ser convinte para un mellor tratamento dos contidos.
  - \*Material do 061 (maniqués máis DESA).

## **8.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do proceso de aprendizaxe é unha avaliación continua, pois forma parte de todo o proceso de aprendizaxe, formativa e orientadora, pois permite detectar carencias e propoñer medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou adaptación, e que toma como referencia as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

- Ao comezo do curso realizaremos unha avaliación teórico-práctica inicial, para obter información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias básicas
- Durante o curso realizaremos a avaliación de cada unha das unidades didácticas, e o sistema dependerá dos contidos traballados. En cada avaliación o alumno/a será calificado cunha nota, en función dos resultados acadados nas unidades didácticas traballadas durante o trimestre.
  - A avaliación de xuño será a media das calificacións obtidas nas tres avaliacións.

## **9. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos de avaliación que utilizaremos dependerán dos obxectivos perseguidos e dos contidos traballados.

En unidades didáctica con maior contido teórico ou conceptual recurriremos a probas orais ou escritas, pero vinculando estes contidos teóricos a situacións prácticas, evitando os aprendizaxes memorísticos e pouco significativos para o alumnado.

Nas probas prácticas tomaremos como referencia o nivel inicial do alumno/a, para facer unha avaliación individual e adaptada as circunstancias de cada un.

Os instrumentos para avaliar as competencias mais relacionadas con obxectivos e contidos actitudinais serán basicamente a observación e recollida de notas no proceso de ensinanza-aprendizaxe, aproveitando estas anotacións para despertar no alumnado o interese por mellorar.

Para concretar, os instrumentos de avaliación para cada tipo de contidos será:

- Os contidos conceptuais avaliarémolos mediante traballos, exposicións e/ou exames teóricos.
- Os contidos procedimentais serán avaliados con tests de condición física, probas de coordinación e axilidade e mediante práctica real ou modificada de xogos e deportes practicados, así como o traballo diario de clase.
- Os contidos actitudinais avaliaranse mediante o seguemento diario de asistencia, indumentaria axeitada, hixiene, interese, participación, comportamento, colaboración e tratamento e coidado do material, tanto na sesión práctica como nos vestiarios e desplazamentos.

## **10. SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN**

Para determinar a nota que cada alumno/a recibirá en cada unha das avaliacións, usaremos o seguinte sistema de cualificación:

- O 60% da nota virá determinado pola parte práctica da asignatura,
- O 20% da nota corresponderá á parte teórica.
- O 20% restante referirase á parte actitudinal. Considerarase que todo alumno/a ao principio da avaliación ten os 2 puntos de actitude, e restará 0,25 cada vez que incumpla as normas ou rutinas da clase de Educación Física (asistencia, puntualidade, indumentaria, respecto ó profesor, compañeiros/as, material e instalación, participación...). Por cada día que o alumno traia o material de aseo (toalla, camiseta e calcetíns) recibirá 0,1 pts ata un máximo de 1 pt. por trimestre.

Será necesario, para conseguir unha calificación positiva, que tras a ponderación das tres partes o resultado sexa igual ou superior a 5, e que en todas elas se acadase, como mínimo, o equivalente a un 3.

A nota, tal e como ven recollido na Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obligatoria, virá expresada de forma numérica, sen cifras decimais. Por ese motivo, cando o resultado da aplicación dos porcentaxes, dé como resultado decimais de 0, 1, 2, 3 ou 4, a cualificación numérica será redondeada á baixa. Cando os decimais sexan 5, 6, 7, 8 ou 9, redondearemos hacia arriba.

## **11.PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN DA PROPIA MATERIA DURANTE O CURSO**

Aqueles alumnos/as que suspendan a primeira e/ou a segunda avaliación poderán recuperala/s mediante traballos ou probas teórico-prácticas, acordados conxuntamente co profesor.

Se non consiguen recuperar deste xeito, terán outra oportunidade no mes de xuño, en forma de examen teórico-práctico, sempre e cando teñan asistido a clase e participado con asiduidade, cumprindo os requisitos de indumentaria, participación...

## **DAS MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS**

Para recuperar a materia pendente de cursos anteriores, os alumnos e alumnas disporán de actividades de reforzo mensuais, encamiñadas a preparar unha proba teórico-práctica que se fará no mes de maio. A esta proba o alumnado poderá levar e utilizar o traballo realizado durante o curso.

Aqueles alumnos/as que opten por realizar directamente a proba de maio, sen participar nas actividades de reforzo, non poderán apoiarse en ningún material para realizar a proba. Os contidos esixidos serán os mínimos establecidos para cada curso.

## **12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A diversidade do alumnado na Educación Física pode deberse a circunstancias moi diferentes. Atopamos:

-Alumnado que non pode participar nas sesións prácticas durante tempos máis ou menos prolongados por lesións ou enfermidades.

Estas persoas terán que presentar unha notificación do médico especialista que xustifique a súa lesión ou enfermidade, indicando aqueles

exercicios, actividades ou movementos que sexan contraproducentes e deberán cumprir unha rutina:

- Vir a clase equipados con roupa deportiva, porque en moitas ocasións poderán realizar actividades alternativas, adaptadas ás súas circunstancias.
- Participar nas actividades ou sesións que se adapten ás súas limitacións, e das que serán avaliados nas mesmas condicións que o resto do grupo.
- Recoller por escrito (cando non participan ou realicen actividade alternativa) a sesión que realicen os seus compañeiros, cunha descrición dos exercicios, xogos ou actividades, así como das explicacións que o profesor imparta.
- Realización dun traballo por avaliación referente aos contidos traballados durante o trimestre, previo acordo co profesor da temática, extensión e características.
- Participación e axuda no desenvolvemento da clase, anotando tempos, medindo probas, axudando co material...
- Alumnado que presenta diferenzas establecidas polo xénero, etnia, cultura ou escasa motivación.

Para estas persoas buscaremos:

- Favorecer entre o alumnado a opcionalidade dos contidos.
- Adecuar os ritmos de traballo do alumnado ás súas capacidades.
- Potenciar grupos de ensinanza- aprendizaxe.
- Empregar un repertorio amplo de reforzos positivos e estratexias de atención ó alumno.
- Alumnado con algunha discapacidade, xa sexa motora, psíquica ou sensorial.

A inclusión na sesión de Educación Física de alumnos ou alumnas con características especiais orixinadas pola presenza dunha discapacidade, implica un proceso de Adaptación Curricular que facilite a súa participación activa e efectiva en tódalas actividades posibles. O proceso a seguir implicaría os seguintes pasos:

- 1) Diagnóstico inicial do alumno con NE.
- 2) Adaptación e/ ou eliminación de obxectivos e contidos e modificación dos respectivos criterios de avaliación
- 3) Análise e adaptación da tarefa.
- 4) Seguemento do proceso de adaptación

Co propósito de asegurar a plena integración destes alumnos/as nas clases, propóñense as seguintes orientacións didácticas:

- En relación coa actividade: plantexar distintos niveis de dificultade.
- En relación co espazo: delimitalo para compensar as dificultades.
- En relación co material: introducir material que facilite a actividade.
- En relación coas estratexias de ensinanza- aprendizaxe: prever axudas físicas ou de acompañamento se o precisan.

## **PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS**

Para alumnado repetidor de 2º que non superase a materia o curso anterior:

Estes alumnos/as deberán levar un diario de clase que presentarán semanalmente á profesora e no que incluírán, ademais dos exercicios e explicacións teóricas, reflexións persoais e tarefas de “investigación” e revisión bibliográfica relacionadas coa materia. Estas tarefas serán individualizadas e adaptadas aos intereses, capacidades e motivacións de cada un.

## **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRESCOLARES**

As actividades que o Departamento de Educación Física propón para realizar co alumnado durante o presente curso son:

- Participación en actividades lúdico-deportivas: “Torneo Tenis de Mesa” , Bádminton e encontro “Hockey sobre patíns”.
- Viaxe á neve para esquiar.
- Roteiro nos Ancares.
- Kilómetro de solidariedade “Save the Children”.
- Iniciación á escalada.
- Iniciación ao piragüismo.
- Ximnasia, saltos e acrobacias en Diverland, Lugo.
- Scape Room en Lugo.
- Surf e circuito nas árbores en Viveiro.

O listado de actividades non se considera pechado, xa que ao longo do curso chegan ofertas e propostas que poden ser de interese. As novas propostas serán anotadas no libro de actas de reunión de Departamento.

## **14. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA**

Na área de Educación Física participaremos no fomento da lectura mediante:

- Tarefas de búsqueda de información deportiva nos periódicos



- Lectura colectiva de apuntes ou bibliografía específica.
- Lectura de revistas especializadas en temas de deporte e saúde
- Realización de traballos individuais e colectivos que impliquen revisión bibliográfica.
- Retos e adiviñas semanais para estimular a búsqueda das solucións ou respostas.

## **15. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC**

- Acudiremos unha vez por trimestre(si se considera oportuno) como mínimo á aula de informática para realizar búsquedas en internet: regulamento de algún deporte, resultados ou marcas deportivas, biografía de deportistas...
- Visualización de partidos para analizar xestos técnicos ou accións tácticas.
- Ocasionalmente usaremos cámara de vídeo ou fotográfica para proporcionar ao alumnado un coñecemento de resultados inmediato ou retardado.
- Pero fundamentalmente realización e entrega de traballos en formato dixital con busca guiada en internet e a utilización da plataforma e-dixgal.

## **16. DISPENSAS E EXENCIONS EN EDUCACIÓN FÍSICA**

- O Real Decreto 334/85 (BOE 15 de marzo de 1995) establece que non hai ningún caso de exención total da asignatura de Educación Física, excepto para alumnos maiores de 25 anos e aqueles alumnos que certifiquen a súa asistencia ao Conservatorio de Danza. A solicitude de exención "parcial" deberá acompañarse dun Certificado médico oficial, no que se indicará se a exención é total ou só limita a determinados exercicios ou actividades, especificándoos (Circular da Dirección Xeral de Centros Escolares de 1988, artigo 4.3.1.)

## **17. AVALIACIÓN INICIAL.**

Realízase unha avaliación inicial aos alumnos teórico- práctica para observar o nivel do alumnado e para detectar posibles aprendizaxes non adquiridas respecto ao curso no que se atopan.

## **18. INCORPORACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDOS.**

Reforzaranse, no primeiro trimestre, os bloques de contidos que non se poideron levar a cabo no último trimestre en 1º, 2º e 3º. Fundamentalmente

actividades de oposición, colaboración-oposición e as de expresión das capacidades físicas básicas e o seu control.

## **19.METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.**

### INTRODUCCIÓN

Cando un sistema, didáctico a distancia, se dirixiu a adolescentes de maneira exclusiva, sempre foi a modo de suplencia, ante a inexistencia dunha institución (escola) que proporcionase a necesaria dimensión socializadora que debe acompañar á simple instrución; iso a parte da socialización que proporciona a familia e a contorna dos escolarizados, por suposto.

Lóxicamente, se a familia e a contorna proporciona unha socialización adecuada aos adolescentes implicados, entón ten sentido exporse se a instrución sería posible mediante un sistema didáctico exclusivamente a distancia. Pero aínda ante tal posibilidade, cabe a dúbida sobre o logro real, fóra da escola, dunha socialización plena, que prepare efectivamente para ser cidadán nunha sociedade complexa e democrática. Precisamente o que xustifica a obrigatoriedade da escolarización para o conxunto dos membros novos da sociedade. Os sistemas didácticos a distancia en etapas temperás do desenvolvemento só son unha suplencia da escolarización escolar institucionalizada e teñen viabilidade na medida que o suxeito educando reciba a acción socializadora que precisa a través da familia e a súa contorna próxima.

Lembremos, que a aprendizaxe non só ocorre na aula, a través dos libros de texto, senón nese ecosistema físico e vivencial que se estende desde os corredores do centro educativo, a biblioteca, as actividades deportivas e culturais, ata o diálogo cos profesores, e o intercambio de experiencias cos seus compañeiros.

O movemento do ensino a distancia foi variando nos seus procedementos desde a denominada era industrial á actual postindustrial, caracterizada, esta última, polo uso dun tipo de aprendizaxe colaborativa e constructivista, á vez que recorre ás tecnoloxías de comunicación máis avanzadas. Estes modelos de aprendizaxe inauguran unha nova era para efectuar os cambios que demanda unha educación de excelencia que complemente a aprendizaxe tradicional, baseado en escoita e a pasividade; pásase do que se denominou «aprendizaxe dirixida polo profesor » (A.D. P.) a unha «aprendizaxe dirixida

polo alumno» (A.D.A.) ( Gibbons, 2002). Con todo, os dous tipos de aprendizaxe mencionados manteñen unha vinculación a través da función que exerce o profesor. Esta relación prodúcese seguindo os parámetros da Táboa 1.

TÁBOA 1: Características básicas da aprendizaxe dirixida polo profesor ou polo alumno

<p>Aprendizaxe dirixida polo profesor (A.D. P.)</p>	<p>—O profesor decide o contido e ritmo do programa.          —O profesor presenta o curso ou programa dividido en sucesivas leccións.          — O profesor desenvolve persoalmente a materia e os exercicios prácticos necesarios para completar o estudo.          —O profesor avalía o traballo dos alumnos.</p>
<p>Aprendizaxe dirixida polo alumno. (A.D.A.)</p>	<p>— O profesor anima ao alumno para exporse os seus propios fins e, polo menos, parte dos contidos.          — O alumno fai os seus propios plans de traballo e dirixe o seu propio ritmo de avance.          —O profesor guía aos seus alumnos para facer actividades autodirixidas.          —O profesor completa e revisa a autoavaliación do seu traballo.</p>

## METODOLOXÍA

A metodoloxía debe adaptarse á realidade tecnolóxica e de telecomunicacións do alumnado. Moitos deles teñen dificultades de conexión, a pesar de que o centro é quen de proporcionarlles a todos un ordenador e un kit de conexión a internet. Tendo isto en conta, e coa experiencia do curso anterior, a decisión deste departamento consiste en traballar de acordo co seguinte esquema:

- Usaremos un enlace a un vídeo de libre difusión xa existente en YouTube que se adapte perfectamente aos contidos a traballar na tarefa.
- Usaremos o E-dixgal, a plataforma Abalar. Crea tamén unha carpeta dentro da unidade didáctica a traballar na que almacena os arquivos que poden consultar o alumnado. No foro de instrucións e dúbidas da unidade, o profesor abre un novo tema de debate no que da as instrucións ao alumnado sobre os pasos a dar e o prazo límite para que o alumnado entregue as tarefas que se lles propoñen.

## **20.AVALIACIÓN**

No caso de docencia non presencial, a avaliación levarase a cabo mediante a presentación e realización por parte do alumnado dos traballos e probas realizados que terán que ver cos contidos impartidos no e-dixgal, os devanditos traballos serán propostos como tarefa do curso, e deberán ser remitidos á devandita plataforma mediante o procedemento que se ten ensaiado na aula durante a avaliación inicial, e no prazo establecido polo profesor. Os alumnos farán as achegas (o tamaño máximo que admite a plataforma da Consellería e de 1 megabyte).

Non se admitirán traballos presentados mediante outros medios de comunicación (correo electrónico ou outros), nin tampouco se admitirán documentos entregados fora de prazo.

A cualificación dos devanditos traballos será unha nota numérica entre 0 e 10 puntos.

A nota de cada avaliación será a media das notas dos temas (se a nota é decimal, redondearase ó natural seguinte se a 1ª cifra decimal e igual ou maior que 5 e, en caso contrario, a nota será o número natural que resulte de suprimir os decimais).

A todos os alumnos e alumnas que non superen algunha avaliación, facilitaráselles actividades de reforzo que deberán realizar e entregar ó profesor, para que este lles poida prestar axudas puntuais antes do exame de recuperación.

Valoraranse os seguintes aspectos: participación na aula virtual (rexistros de entrada e participación no foro de novas de cada unidade didáctica), actitude, expresión oral, aporte do material indispensable para realizar a tarefa diaria, interese, respecto ós compañeiros e compañeiras e ó profesor ou profesora, comportamento xeral.

Para todo o demáis se tera en conta os criterios de avaliación contidos nas táboas.

## **21. DESENVOLVEMENTO DE ACTITUDES DE IGUALDADE DE XÉNERO.**

O obxectivo é intervir nas clases de Educación Física para xerar actitudes de igualdade

-Rexeitar todas as actitudes e crenzas que poidan estar repercutindo nunha menor participación da muller no deporte.

-Establecer un deporte escolar de igualdade, que dea resposta a todos os nenos independentemente do seu xénero.

-Facendo énfase nas necesidades de traballo da base emocional e social dos adolescentes, permitindo que adquiran habilidades para unha millor convivencia cos demais , así como potenciar o desenvolvemento da igualdade.

Non é unha programación ríxida, senon que se irá adaptando ás circunstancias que vaian xurdindo ao longo do curso.

No libro de actas do Departamento quedarán refletidas as posibles modificacións que se fagan e así mesmo, na memoria anual do departamento.

A presente programación pertencente ao Departamento de Educación Física para o curso 2021 – 2022 é presentada na Xefatura de Estudos do C.P.I. Plurilingüe de navia de Suarna, o 18 de outubro de 2021.

Asdo. María Santos Saavedra

Xefa de Departamento